



CONCELLO DE VALDOVIÑO. XX FESTIVAL DE ENTROIDO 2020

O Concello de Valdoviño promove o XX Festival de Entroido que se celebrará o sábado 29 de febreiro no Concello de Valdoviño.

BASES QUE REXERÁN NO XX FESTIVAL DO ENTROIDO 2020 NO CONCELLO DE VALDOVIÑO

1.- Poderán participar no XX Festival de Entroido do Concello de Valdoviño as entidades legalmente constituídas e/ou grupos ocasionais que cumpran as condicións establecidas nas seguintes bases. En todo caso nomearase un representante debidamente autorizado para actuar en nome do grupo.

2.- Poderán participar no festival todas as persoas interesadas nas seguintes categorías :

A) COMPARSA : considerarase comparsa o grupo de persoas integrado por un número igual ou superior a dez compoñentes debidamente disfrazados e gardando unha unidade temática na súa vestimenta e actuación.. Poden optar a axuda económica por inscrición e á axuda por concursaren.

No caso de comparsas nas que participen menores, estes non poderán superar en número o 50% da formación.

B) OUTROS : entran nesta categoría os disfrazados a título individual, as parellas de disfraces e grupos de ata cinco persoas. A título de disfrace individual non se admitirán menores, porén, éstos si poderán formar parte de parellas ou grupos sempre e cando o fagan acompañados de polo menos un adulto que se responsabilice dos mesmos. A parella ou grupo deberá de manter unha uniformidade de criterio na súa indumentaria.

3.- O Concello de Valdoviño destina a cantidade máxima de 3.450,00 € en calidade de axudas para distribuír entre as categorías participantes nas modalidades : COMPARSA e OUTROS . O gasto imputarase á partida orzamentaria 334.48000 do orzamento do ano 2019 prorrogado para o ano 2020.

4.- En relación ao punto anterior, a cantidade máxima destinada a **axudas de participación** a todas as COMPARSAS admitidas será de 3.000,00 euros, a cantidade destinada a **axuda de concurso** na modalidade COMPARSAS será de 300,00 euros e a cantidade máxima destinada aos participantes en categoría OUTROS será de 150,00 euros e rexéndose polo escrito no punto 7.

5. – No referido ás axudas por participación, a cantidade máxima que recibirá cada comparsa que reuna as condicións e requisitos esixidos nestas BASES será de 300'00 euros. O pagamento farase efectivo mediante



transferencia bancaria na conta sinalada na documentación de inscrición na que deberá constar o IBAN. De ser o caso, aplicarase a retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

6.- No referido á axuda de concurso a comparsas o Concello de Valdoviño destinará 300,00 euros que en todo caso será/n empregado/s pola ou polas comparsa/s gañadora/s en consumo no comercio e/ou hostalería de Valdoviño. No departamento de cultura informárase do procedemento para facer uso da cantidade indicada.

7.- No referido aos vales de consumo en empresas locais, os 150,00 euros destinados a este fin repartiranse a razón de 50,00 euros por vale, consecuentemente teremos tres vales que irán destinados aos tres mellores disfraces que concursen na categoría OUTROS. No caso de que NON PROCEDA outorgar todos o algún dos vales destinados a consumo de produto en empresa local por quedar deserta esta opción ou por incumprimento de bases dos inscritos, a organización decidirá se destinar ese importe ou parte do mesmo a **outras axudas de concurso a comparsas**. Unha mesma comparsa non pode ser destinataria de máis dunha axuda de concurso. Deste feito darase conta no informe acreditativo do desenvolvemento desta actividade de entroido.

8.- Para poder participar en calquera das categorías será imprescindible cumprimentar a solicitude de inscrición correspondente e os seus documentos anexos e entregalos na Casa da Cultura do Concello nas seguintes datas e horarios : Polas mañás de luns 17 a venres 21 de 11,00 a 14,00 e o luns día 24 no mesmo horario. A copia das cancións ou guión das parodias a interpretar entregarase tamén no momento de facer a solicitude de participación. Non se recollerán inscricións nas que falte documentación. non compete a aqueles que se inscriban na modalidade “OUTROS”.

As solicitudes fóra de prazo ou que non presenten toda a documentación requirida serán desestimadas.

9.- O modelo de instancia e Bases de inscrición facilitaranse na Casa da Cultura e estará dispoñible na páxina web do Concello para a súa descarga.

10.- A cantidade máxima de comparsas que se admitirán a participar nesta edición do Entroido 2020 será de dez.

1º- Terán preferencia sempre que cumpran os requisitos establecidos nas bases, as comparsas formadas por veciños de Valdoviño. No caso de haber máis de dez comparsas de veciños de Valdoviño, todas elas entrarían a concursar pero dado que a cantidade destinada a axudas de participación sería a xa indicada, minoraríase proporcionalmente a asignación destinada a cada comparsa.

2º) Seguidamente computaranse as comparsas que teñan participado no Festival de comparsas de Valdoviño nos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 valorando o número de anos de inscrición de cada unha delas sendo este dato o que dea



lugar á priorización das mesmas. De non ser posible a participación de todas as comparsas presentadas dentro deste epígrafe eliminaranse as que menos anos computen e en caso de empates farase un sorteo.

3ª) Outras comparsas. De ser preciso sortearase a participación no festival.

De ter que facer algún dos sorteos informarse do lugar, día e hora aos interesados a través do teléfono que apareza na folla de inscrición.

A organización reservarase o dereito á cancelación do evento no suposto de que non se acade o número mínimo de 3 comparsas participantes.

11.- A orde de inscrición de cada comparsas **SÓ DETERMINARÁ** a orde de saída ao escenario e na colocación no pasarrúas. O mércores 26 de febreiro confirmaráselle ao responsable de cada comparsa a súa inclusión ou non na XX Edición do Festival do Entroido do Concello de Valdoviño.

12.- As comparsas inscritas asumen o compromiso de desfilaren en pasarrúas . Con tal motivo, os participantes deberán estar ás 17,00 horas no aparcadoiro situado detrás do edificio do Concello para, atendendo ás indicacións da organización, colocarse con tempo suficiente na rúa Imeldo Corral para iniciar o desfile ás 17,30 horas. O percorrido comprenderá o seguinte tramo : saída dende a rúa Imeldo Corral, desfilando pola estrada principal ata chegar á Casa da Cultura.

13.- As comparsas que leven no pasarrúas vehículos a motor deberán contar cos permisos de circulación, de inspección técnica (ITV) e seguros correspondentes sendo isto responsabilidade das persoas que figuran como inscritas. Atenderase neste punto ao estipulado no Regulamento xeral de Circulación.

14- Cada comparsa deberá interpretar ante o público nas instalacións destinadas ao evento un máximo de dúas cancións ou de dúas parodias, ou ben, dunha parodia e dunha canción. Polo menos unha delas terá que estar escrita e ser interpretada en lingua galega, e un dos temas **deberá obrigatoriamente versar sobre Valdoviño**. As comparsas que necesiten música deberán facilitala en soporte USB o mesmo día do festival. As comparsas que vaian realizar parodia ou canción a modo de presentación deberán indicalo na inscrición.

15.- O tempo máximo de posta en escena para cada comparsa será de 10 minutos. As comparsas que superen o tempo regulamentariamente establecido e permanezan no escenario despois de seren avisadas, poderán ser descualificadas polo equipo de organización do evento.



16.- Serán as propias comparsas as que libremente decidan distribuír a letra das súas cancións entre os asistentes ao festival. Dado o carácter humorístico desta festa tradicional, o Concello de Valdoviño non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das comparsas e entroidos participantes.

17.- Na modalidade “OUTROS” non haberá límite de inscricións. Os anotados asumen o compromiso de desfilaren en pasarrúas, polo que deberán presentarse as 17,00 horas no punto de saída ; igualmente deberán desfilan, cando se lles indique, polo escenario habilitado na Casa da Cultura. Todos os anotados deberán levar nun lugar visible o dorsal que recibirán no momento de facer a inscrición. Non serán obxecto de valoración e non poderán optar a conseguir vale de consumo en empresas locais aqueles que aínda inscritos non cumpran o aquí estipulado.

18.- Cada comparsa participante designará a unha persoa para exercer de xurado o día do desfile. Deberá indicarse no momento da inscrición o nome e DNI da persoa que vaia a realizar esta tarefa. Esta persoa deberá acreditarse como tal ante a organización antes do comezo do pasarrúas. Pode ser un dos membros da comparsa pero neste caso non poderá desfilan no pasarrúas. O representante elixido como xurado terá o obriga de permanecer no lugar habilitado para tal fin e de visionar todas as actuacións. O abandono por parte da persoa do xurado sen previo aviso á organización e sen causa xustificada significará a descualificación da comparsa á que representa.

As obrigas do xurado serán :

- 1) Valorar as comparsas participantes para elixir entre todas aquela merecedora da axuda de concurso para a “Mellor Comparsa Concello de Valdoviño 2020”
- 2) Valorar os tres mellores disfraces que concursan na categoría “Outros”.

Todos os representantes membros do xurado serán informados acerca de como proceder coas votacións. Como criterios de valoración o xurado terá en conta : a orixinalidade e vistosidade do disface, a simpatía, e a conservación das características do entroido tradicional. A resolución do concurso terá lugar o mesmo día 29 de febreiro. O Concello de Valdoviño non se responsabiliza das votacións emitidas polo xurado sempre e cando cumpran o establecido nas Bases. Calquera interesado poderá consultar as votacións dos xurados que serán recollidas por un membro da organización que actuará como secretario/a .

19.- Finalizadas as actuacións das comparsas e do desfile de anotados na categoría “Outros” procederá a entregar os vales para consumo de produtos en empresas locais aos tres mellores entroidos. Seguidamente citarase no palco aos membros das comparsas para facerlles dos vales simbólicos das axudas económicas desta edición do festival . A comparsa gañadora do título “Mellor Comparsa Concello de Valdoviño 2020 repetirá a interpretación poñendo deste modo fin ao festival.



20.- Durante a celebración desta actividade prohíbese a subministración e consumo de bebidas alcohólicas nos espazos destinados a este fin.

21.- O Concello de Valdoviño resérvase o dereito de anulación do desfile por inclemencias do tempo. No caso de anulación do pasarrúas o festival comezará ás 17,30 horas na Casa da Cultura.

22.- Se coa finalidade de mellorar o desenvolvemento dos actos programados se considerase conveniente introducir modificacións ao aquí fixado, poderá facerse por parte da organización. Atendendo a este punto solucionaranse os imprevistos que puidesen xurdir entre o día de comezo de inscricións e o día do festival..

23.- Todos os integrantes das comparsas quedarán obrigados a atender as recomendacións que lles indiquen os traballadores dos corpos de seguridade e da organización. De producirense danos a bens ou persoas durante o desenvolvemento da actividade que non sexan imputables ao Concello de Valdoviño, a responsabilidade derivada será asumida íntegramente polos inscritos como participantes na/s solicitudes. Igualmente, o Concello de Valdoviño non se fará responsable das accións realizadas por grupos ou persoas non inscritas.

24.- Con posterioridade ao evento emitirase informe para poder proceder cos pagamentos que cumpridamente se deban de facer atendendo ao estipulado nas presentes Bases.

25.- A inscrición no concurso enténdese como aceptación plena das Bases fixadas para o mesmo sen que se poidan formular reclamacións de ningunha clase e por ningún concepto contra o aquí regulamentado. O incumprimento destas bases dará lugar á descualificación automática da comparsa participante e á anulación da axuda estipulada. Non serán admitidos comportamentos ilegais, vexatorios ou de mal gusto que excedan o espírito crítico, satírico e lúdico do Entroido.

26.- Como anexo a estas bases figura a documentación para a inscrición.

En todo o que non está previsto nestas bases terá de aplicación supletoria a Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

Valdoviño, 24 de xaneiro de 2020.

Alcalde,

Alberto González Fernández.



Inscripción nº:

**XX FESTIVAL DO ENTROIDO DO
CONCELLO DE VALDOVIÑO 2020**

-Sábado 29 de febreiro, ás 17:30 HORAS-

DATOS DO-A REPRESENTANTE DA COMPARSA

Nome: _____

N.I.F.: _____ Enderezo: _____

_____ Teléfono-s: _____

Correo-s Electrónico-s _____

DATOS DA COMPARSA

Nome Comparsa _____ Tema do disfrace _____

Nº compoñentes: _____ Lugar de procedencia _____

Títulos das cancións ou parodias a interpretar: _____

Sinalar se traen carroza ou similiar: _____

Sinalar se traen persoas con dificultade de acceso ao escenario _____

- Se a comparsa tivese participado durante algún dos anos 2016, 2017, 2018 e 2019 neste Festival, sinálense neste apartado: _____

DATOS DA PERSOA NOMEADA POLA COMPARSA PARA SER XURADO

NOME: _____

DNI: _____



O/a que asina é coñecedor-a e acepta as Bases que rexen este XX Festival de Entroido do Concello de Valdoviño. Igualmente dá o consentimento para tirar imaxes gráficas durante XX FESTIVAL DO ENTROIDO CONCELLO DE VALDOVIÑO, e para as utilizar posteriormente na web, redes sociais e medios cos que o Concello de Valdoviño teña relación. (*)

En Valdoviño a _____ de _____ do 2020.

Asinado:

(*) De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle que o responsábel do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Valdoviño, enderezo Porta do Sol S/N 15552- Valdoviño (A Coruña), correo@concellodevaldovino.com. Os datos serán usados para lle prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Tén vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opórse ou retirar o consentimento en calquera momento. Para iso, o Concello de Valdoviño dispón de formularios específicos para lle facilitar o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico:

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE

- **Fotocopia do N.I.F. do-a representante.**
- **Folla de declaracións debidamente cumprimentadas.**
- **Certificación expedida pola Entidade Bancaria na que conste o número de conta e IBAN da Entidade legalmente constituída ou da Persoa Física que represente á comparsa ou disfrazado-a.**



Valdoviño

--	--	--	--

2.- Que nesta data nomeouse a don-a _____
Como representante da Comparsa para as relacións co Concello de Valdoviño.

3.- Que a Comparsa non dispón de conta bancaria habilitada como Asociación ou Entidade, e que como participante no XX Festival de Comparsas do Concello de Valdoviño 2020, solicita que o ingreso da axuda se faga en:

NÚMERO DE CONTA _____
TITULAR (Representante) _____

4.- Que don-a _____
non está incurso-a en causa algunha de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e/ou recibir subvencións ou axudas da Administración Pública.

5.- Que a comisión organizadora solicita a súa participación nas actividades relacionadas co XX FESTIVAL DE COMPARSAS E DISFRACES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, con data de sábado 29 de febreiro de 2020.

6.- Que esta Comparsa comprométese a levar a cabo as actividades recollidas nas Bases Reguladoras.

7.- De igual xeito os que asinan este impreso declaran:

- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Administración Central, Autonómica e co Concello de Valdoviño.
- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social.

En Valdoviño, a _____ de _____ do 2020.

Sinatura do-a representante habilitado-a da Comparsa

Asinado:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO,
OU NO SEU CASO O-A CONCELLEIRO-A NO CAL DELEGUE



2.- Que nesta data nomeouse a don-a _____

Como representante da Comparsa para as relacións co Concello de Valdoviño.

3.- Que a Comparsa arriba indicada, pertence á Asociación/Entidade _____

_____ con C.I.F. _____ desde o ano _____

4.- Que a devandita Asociación/Entidade non está incurso en causa algunha de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e/ou recibir subvencións ou axudas da Administración Pública.

5.- Que a comisión organizadora solicita a súa participación nas actividades relacionadas co XX FESTIVAL DE COMPARSAS E DISFRACES DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, con data de de sábado 29 de febreiro de 2020.

6.- Que esta Comparsa comprométese a levar a cabo as actividades recollidas nas Bases Reguladoras.

7.- De igual xeito os que asinan este impreso declaran:

- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Administración Central, Autonómica e co Concello de Valdoviño.
- Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Seguridade Social.

En Valdoviño, a _____ de _____ do 2020.

Sinatura do-a representante habilitado-a da Comparsa

Asinado:

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO,

OU NO SEU CASO O-A CONCELLEIRO-A NO CAL DELEGUE



Inscripción outros nº:

XX FESTIVAL DO ENTROIDO CONCELLO DE VALDOVIÑO 2020

Sáb
ado

29 de febreiro, ás 17:30 horas

Os que asinan son coñecedores e aceptan as Bases que rexen este XX Festival de Entroido do Concello de Valdoviño:

COMPOÑENTES

NOME E APELIDOS	DATA NACEMENTO	N.I.F.	SINATURA (No caso de menor, asine aquí o pai/nai/titor legal, facéndose cargo)
1-			
2-			
3-			
4-			
5-			

Enderezo comunicación: _____

_____ Teléfono-s: _____

Correo-s Electrónico-s _____

TEMA DO DISFRACE _____

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE:
-Fotocopia N.I.F

**ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALDOVIÑO,
OU NO SEU CASO O-A CONCELLEIRO-A NO CAL DELEGUE**